

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 12 de xaneiro de 2016 pola que se fan públicos os anexos da Resolución do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

O 30 de decembro de 2015 publicouse no DOG a Resolución do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. Xunto coa citada resolución non se fixeron públicos os anexos, polo que cómpre agora proceder á súa publicación.

En consecuencia co anteriormente exposto e no exercicio das facultades que me confire o artigo 8 da Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia (DOG núm. 61, do 30 de marzo).

ACORDO:

Primeiro. Facer públicos os anexos da Resolución do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Segundo. Modificar a data para presentar as solicitudes que figura no artigo 8.2 das bases reguladoras. O prazo será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Procédese a facer a seguinte corrección de erros no artigo 15.1.a) das bases reguladoras:

Onde di: «a) Prestacións segundo as características do equipo xerador (ata 35 puntos)», debe dicir: «a) Prestacións segundo as características do equipo xerador (ata 40 puntos)».



Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2016

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO PROXECTOS DE EQUIPAMENTOS TÉRMICOS DE BIOMASA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN421G	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL/FAX CORREO ELECTRÓNICO

**(Elexir a opción teléfono móbil nos procedementos destinados a persoas físicas e fax nos procedementos destinados a persoas xurídicas e mixtos)*

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

TIPO DE SOLICITANTE

EMPRESA AUTÓNOMO EMPRESA DE SERVIZOS ENERXÉTICOS ADMINISTRACIÓN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

CATEGORÍA DE EMPRESA

PEQUENA EMPRESA MEDIANA EMPRESA GRANDE EMPRESA

SECTOR EMPRESARIAL (INDUSTRIAL OU SERVIZOS) CNAE

DATOS XERAIS DO PROXECTO

TIPO DA ACTUACIÓN

NOVA SUBSTITUCIÓN AMPLIACIÓN

COMBUSTIBLE SUBSTITUÍDO (só aplicable a substitución ou ampliación)

TIPO (eléctrico, gas, gasóleo, etc.) SISTEMA (caldeira, bomba de calor, etc.) CONSUMO ACTUAL

APLICACIÓN:

AUGA QUENTE SANITARIA CALEFACCIÓN APLICACIÓNS INDUSTRIAIS OUTROS (indicar):

CVE-DOG: 0hjiagl4-z6n4-qvf1-csz2-7pzg4zytte1



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
(continuación)

EQUIPO XERADOR

MARCA MODELO

POTENCIA NOMINAL ÚTIL MODELO (kWt) PVP MODELO SEN IVE (TARIFA) Nº DE EQUIPOS

POTENCIA NOMINAL ÚTIL INSTALADA TOTAL (kWt) RENDIMENTO (%) CALOR ÚTIL XERADA ANUAL (kWh/ano):

COMBUSTIBLE PRINCIPAL QUE SE VAI UTILIZAR (PELLETS/ESTELAS/LEÑA/OUTRO...) CONSUMO ANUAL PREVISTO BIOMASA (kg/ano)

TIPO EQUIPO XERADOR

TIPOLOXÍA A:

Queimador de biomasa Xerador aire quente Cocina calefactora

Estufa de aire Canalizable (si/non) Insert/cheminea de aire Canalizable (si/non)

TIPOLOXÍA B:

Caldeira con alimentación automática mediante parafuso sen fin ou sistema pneumático desde un sistema de almacenamento exterior á caldeira de capacidade superior ou igual a 1.000 litros

Caldeira con alimentación automática mediante parafuso sen fin ou sistema pneumático desde un sistema de almacenamento exterior á caldeira de capacidade superior ou igual a 250 litros e inferior a 1.000 litros

Caldeira con alimentación automática mediante parafuso sen fin ou sistema pneumático desde un sistema de almacenamento exterior á caldeira de capacidade inferior a 250 litros

Caldeira de leña

Hidroestufa

Insert/cheminea de auga

SISTEMA DE ALMACENAMENTO DE COMBUSTIBLE E ALIMENTACIÓN Á CALDEIRA (cubrir só no caso de caldeiras con alimentación automática de capacidade superior ou igual a 250 litros). Deberase xustificar a capacidade con documentación técnica

Silo de obra Capacidade:

Silo flexible Capacidade:

Contedor ou depósito Capacidade:

Moxega Capacidade:

LIMPEZA AUTOMÁTICA DO INTERCAMBIADOR:

SI NON

DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO SEN IVE

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Equipo térmico e os seus accesorios principais	
Resto de accesorios da instalación	
Sistema de almacenamento do combustible	
Sistema de alimentación do combustible	
Montaxe e conexión	
TOTAL SEN IVE	
% IVE	
ORZAMENTO TOTAL CON IVE	

EMPRESA INSTALADORA ELIXIDA TELÉFONO CRITERIO DE ELECCIÓN





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
(continuación)

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO E BOSQUEXO DOS EQUIPOS NO EDIFICIO E XUSTIFICACIÓN DA CALOR ÚTIL DEMANDADA

[Empty box for project description and equipment schedule]

ESQUEMA HIDRÁULICO DA INSTALACIÓN (só no caso de quentamento de auga)

[Empty box for hydraulic scheme]

ESTADO DA SOLICITUDE E CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA

ESTADO DA SOLICITUDE

[Empty box for application status]

CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA QUE PODE ASIGNARSE A ESTE PROXECTO (€)

[Empty box for maximum aid amount]

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou concedéronse outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que, no suposto de resultar beneficiario/a da axuda, coñece e asume a obriga de manter no seu patrimonio o investimento subvencionado durante un período mínimo de cinco (5) anos, a partir do pagamento da axuda, ou, se é o caso, durante a vida útil da instalación se é inferior ao dito período, e queda obrigado a comunicar de inmediato ao Inega o posible incumprimento da dita obrigación, de terse producido, e ao reintegro no dito suposto da axuda percibida.
7. Que o proxecto para o que solicita a axuda está sito na Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Que os investimentos para os que solicita axuda non están iniciados.
9. Que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional, o que supón a posibilidade de ter en conta a parte correspondente ao IVE no custo total do investimento subvencionado (declaración responsable de exención do IVE).
10. Que o representante legal do solicitante ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se conceda a axuda.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

- Documentación acreditativa da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os que se vai executar o proxecto ou da dispoñibilidade deles durante un período mínimo de cinco anos.
- Memoria técnica ou proxecto técnico, segundo proceda, coas epígrafes que figuran no artigo 9.1 das bases reguladoras.
- Tres ofertas. Cando o custo elixible sen IVE da actuación que se subvenciona supoña un gasto para o beneficiario superior a 50.000 € (en concepto de execución de obra) ou a 18.000 € (cando subministren bens ou presten servizos empresas de consultoría ou asistencia técnica) o beneficiario deberá solicitar e achegar ao Inega como mínimo o contido de 3 ofertas de distintos provedores.

Documentación adicional obrigatoria para Administración pública:

- Acreditación do nomeamento do representante da entidade solicitante.
- Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nestas bases, se procede.
- No caso das administracións locais, certificación de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamento a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas, tal e como se establece no número 1.d.3 do artigo 9 das bases reguladoras.

Documentación adicional obrigatoria para empresas só cando non estean obrigadas a estar inscritas no Rexistro Mercantil ou ben non teñan domicilio social en Galicia:

- Documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente.
- Documento que acredite a existencia dun centro de traballo en Galicia ou a realización dalgunha actividade empresarial xustificable dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Documentación adicional obrigatoria para empresas de servizos enerxéticos:

- Copia do contrato de servizos enerxéticos en que se recollan as cláusulas asociadas ao proxecto para o que se solicita a axuda.
- Autorización e coñecemento por parte do titular ou titulares da instalación de que se solicita a subvención.

Documentación adicional obrigatoria para entidades sen ánimo de lucro:

- Documentación que acredite a representación con que se actúa.
- Outra documentación adicional que o interesado considere conveniente.

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

DOCUMENTO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO

Autorizo o Inega, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vivente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoo de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Xerencia, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a inega.info@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Resolución do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Resolución do 12 de xaneiro de 2016 pola que se fan públicos os anexos da Resolución do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de




INSTITUTO
ENERXÉTICO DE GALICIA



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

Instituto Enerxético de Galicia (Inega)



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

